



A tese de doutoramento no PDIEL en 10 pasos

1. Proxecto de tese

Quen ten a intención de se matricular no PDIEL precisa dispor de coñecementos sobre a literatura en lingua castelá, galega ou portuguesa equivalente a un nivel de mestrado ou a un DEA. No caso de que estes coñecementos non poidan ser acreditados totalmente, a admisión estará condicionada á realización de complementos de formación.

Ademais, é indispensábel ter xa unha idea acerca de que liña de investigación do programa se desexa integrar e de cal sería un posíbel tema de investigación. Para isto, convén consultar cun profesor/a do PDIEL para confirmar a viabilidade do tema e a dispoñibilidade para que un docente do programa exerza como futuro titor/a ou director/a (cf. punto 2).

É preciso ter en conta que unha tese de doutoramento é un proxecto cunha duración de entre 3-5 anos e que require moita dedicación. Trátase dun reto persoal importante e mostra a capacidade de quen a fai para interpretar e explicar os fenómenos estudados.

Unha boa forma de darlle un impulso á investigación é pasar unha tempada noutra universidade ou centro de investigación, preferibelmente no estranxeiro. Isto permite completar ou ampliar a perspectiva sobre o tema e a metodoloxía de análise. O PDIEL pode fornecer ou apoiar colaboracións no exterior que poderán beneficiar o desenvolvemento dunha tese (Ver a pestana [Bolsas e Mobilidade](#)).

2. Titor/a e director/a

Aínda que non sexa obrigatorio contar xa dende o inicio cun director/a de tese, a CAPD non admite, por razóns lóxicas, candidatas/os que non logren a conformidade dun profesor/a do programa para actuar, no mínimo, como titor/a. O ideal sería que cada estudante contase xa no momento da matrícula coa aceptación dun membro do profesorado para dirixir o proxecto de tese en cuestión. Tamén existe a posibilidade de a tese ser dirixida por un doutor/a doutra



universidade. Neste caso, é necesario que o titor/a forme parte do profesorado do PDIEL.

Con carácter xeral, o titor velará pola interacción da doutoranda/o coa CAPD e, xunto coa director/a, pola adecuación ás liñas de investigación do programa, da formación e da actividade investigadora do doutorando/a. Tamén orienta o estudantado nas actividades docentes e de investigación do programa.

A director/a será a máxima responsable da coherencia e idoneidade das actividades de formación, do impacto e novidade da tese de doutoramento e da adecuación das actividades nas que se inscriba a doutoranda/o. Pode ser director/a calquera doutor/a, con acreditada experiencia investigadora, con independencia da universidade. Enténdese por “acreditada experiencia investigadora” ter recoñecido polo menos un sexenio de actividade investigadora ou cumprir os requisitos establecidos nos regulamentos de doutoramento da [UDC](#) e da [UVIGO](#).

Recoméndase que unha mesma persoa (sempre e cando se trate de profesorado do PDIEL) asuma as funcións de titor/a e director/a. Con todo, pode producirse un cambio posterior, como a incorporación dun codirector/a proveniente doutra universidade, por exemplo.

Cada doutoranda/o necesita achegar nos primeiros meses un **Compromiso documental de supervisión**, documento que debe ser asinado polo titor/a, polo director/a e polo coordinador/a do PDIEL. O prazo máximo de entrega esténdese habitualmente até febreiro e será comunicado con suficiente antelación. Con todo, o PDIEL insta o estudantado a entregalo con antelación posíbel, para poder contar con marxe para completalo e corrixilo, de ser necesario.

3. Plan de investigación

Antes de seis meses, a doutoranda/o elaborará un plan de investigación que incluíra a metodoloxía que se propón empregar e os obxectivos que se han de alcanzar, así como os medios e a planificación temporal para acadalo. Para iso, é necesario revisar o que se publicou sobre o tema elixido (o chamado estado da cuestión), co fin de establecer un punto de partida. Ademais, hai que deseñar unha metodoloxía e facerse unha idea das principais fontes bibliográficas e, de ser o caso, da mostra de datos ou do corpus.



O plan deberá ser presentado e avalado co informe do director/a e do/a titor/a e deberá ser aprobado pola CAPD. Este plan poderase mellorar e detallar no proceso de avaliación anual, contando co aval da titor/a e director/a. A avaliación positiva será requisito indispensable para continuar no programa (cf. punto 5).

4. Actividade de formación obrigatoria de 20 horas. Outras actividades de formación e recoñecemento de actividades anteriores

O PDIEL establece que se debe realizar ao longo do primeiro ano de doutoramento, de xeito obrigatorio, unha actividade formativa cunha duración de 20 horas. Estas horas poden cubrirse coa realización de cursos formativos ben da UDC, ben da UVIGO, ou ben doutras universidades, e deberanse acreditar debidamente (certificado ou xustificante). Véxanse tamén as indicacións sobre [Actividades Formativas](#) ofertadas polo PDIEL.

Calquera actividade de formación relacionada co ámbito do PDIEL, presentada e avalada co informe dos director/es e do/a titor/a, pode ser sometida á aprobación pola CAPD para que poida ser integrada no currículo da doutoranda/o. Tamén se pode solicitar o recoñecemento de actividades anteriores á matrícula no PDIEL, sempre e cando se faga dentro dos prazos establecidos.

5. Informes anuais e acreditación das actividades

Anualmente, a CAPD avaliará o documento de actividades de cada doutoranda/o. Para realizar a súa valoración de cada alumna/o, deberá dispor cos informes que emitirán, obrigatoriamente e para tal efecto, as/os respectivos titor/a e director/a. Acadar unha avaliación positiva será requisito indispensable para continuar no programa. No caso de avaliación negativa, que estará sempre debidamente motivada, o doutorando/a deberá someterse de novo a avaliación no prazo de seis meses. Para isto, deberá elaborar un novo plan de investigación e presentalo cos avais preceptivos (titor/a e director/a). No suposto de producirse unha segunda avaliación negativa, causará baixa definitiva no programa.

6. Publicación obrigatoria dun artigo científico



A memoria do PDIEL establece que ao remate do terceiro ano de doutoramento, cada doutoranda/o debe obrigatoriamente publicar un artigo científico no ámbito da súa investigación. Este requisito pode cubrirse e acreditarse coa publicación en revistas científicas ou en libros de recoñecido carácter académico.

A partir do curso 2017-2018, ofrecerase na UVIGO un curso facultativo de 20 horas sobre “Formación específica en investigación e publicación científica no ámbito dos estudos literarios”. Por outra banda, existen tanto na [UVIGO](#) como na [UDC](#) diferentes ofertas de actividades formativas complementarias pensadas para facilitar o cumprimento deste requisito.

7. Posíbel concesión de prórroga(s) ou de tempo parcial

No momento da matrícula cada estudante do PDIEL escolle se desexa traballar a tempo completo (tres anos) ou a tempo parcial (cinco anos). Esta última condición deberá solicitarse cada curso académico á CAPD, achegando á petición aqueles documentos xustificativos que se consideren necesarios. Para a concesión da condición de doutorando/a a tempo parcial, teranse en conta motivos de carácter laboral, familiar ou persoal. O cambio de modalidade de matrícula poderá solicitarse en calquera momento, sempre e cando se obteña o preceptivo informe avorable da CAPD.

Se a solicitude de depósito da tese de doutoramento non se presentase transcorrido o prazo establecido (tres ou cinco anos), a CAPD podería autorizar a prórroga deste prazo, se o /a doutorando/a así o solicitase. A prórroga sería dun ano nos estudos de doutoramento a tempo completo e de dous anos nos estudos de doutoramento a tempo parcial. De forma excepcional, podería ampliarse este prazo en ambos os casos en outro ano adicional. A autorización das citadas prórrogas farase de forma motivada e de acordo coa normativa da universidade onde a doutoranda/o estea matriculada (UVIGO ou UDC).

8. Convencións académicas e normas de estilo para a redacción da tese de doutoramento

Ambas as universidades ofrecen recomendacións formais relativas á tese de doutoramento, polo que convén revisar con coidado o establecido pola [UVIGO](#) e



pola [UDC](#), xunto coas respectivas guías para a súa presentación (cf. [guía UVIGO](#) e [guía UDC](#)).

9. Depósito da tese

Para o depósito da tese na respectiva escola de doutoramento, o/a doutorando/a necesita o informe favorábel da director/a e a aprobación da CAPD, onde se especifique a idoneidade da presentación da tese. Tamén neste caso, convén familiarizarse coa respectiva guía da universidade en cuestión (cf. [guía UVIGO](#) e [guía UDC](#)).

10. Defensa da tese

As guías anteditas tamén explican detalladamente o proceso a partir do depósito que aquí somente se resume a grandes trazos.

Unha vez presentado o traballo, este estará en exposición pública por un período de 10 días hábiles. Transcorrido este, a escola de doutoramento correspondente (UVIGO ou UDC) valorará a tese.

No caso de valoración positiva, a seguir aprobarase a composición do tribunal nos termos establecidos nos respectivos regulamentos da [UDC](#) e da [UVIGO](#). Unha vez nomeados o tribunal titular e os membros suplentes, enviaráselles aos integrantes cadanseu exemplar da tese, acompañado polo expediente do/a doutorando/a. A partir deste momento, o tribunal disporá de 20 días naturais para enviarlle á escola de doutoramento un informe individual e razoado. Recibidos os informes, a escola de doutoramento disporá se procede ou non a defensa pública. No caso de ser autorizada a defensa, esta deberá realizarse nun prazo máximo de tres meses desde a posta a disposición do tribunal da referida documentación.

Ao longo do proceso de autorización da defensa da tese, o/a doutorando/a estará obrigado/a á introdución dos datos da súa tese na base TESEO (<https://www.educacion.gob.es/teseo/irGestionarConsulta.do>).